

DOMINGO 3 ORDINARIO CICLO A

PRIMEIRA Is 8, 23b - 9, 3

O pobo viu unha grande luz na Galilea dos xentís

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

Así como nun primeiro momento humillou o país de Zebulón e o país de Naftalí, así no derradeiro glorificará o camiño do mar, a rexión do Xordán, a bisbarra dos xentís.

O pobo que camiñaba na escuridade, viu unha grande luz.

Unha luz brillou sobre os que habitaban no país das sombras da Morte.

Multiplícase o xúbilo, fíxese grande a ledicia.

Alegráronse coa túa presenza, como coa alegría da seitura, o mesmo que saltarán de xúbilo ao repartiren o botín.

Velaí o xugo da súa carga e o varal do seu ombreiro
-o bastón de quen o oprime-: rompíchelos coma o día de Madián.

SALMO RESP. Sal 26, I . 4. I3-I4

R/ (1a): O Señor é a miña luz e salvación

O Señor é a miña luz e salvación,

a quen hei de temer?

O Señor é o meu castelo,

ante quen hei de tremer?

Unha cousa pídolle ao Señor,

unha cousa procuro:

habitar na casa do Señor,

todos os días da vida,

para gozar da dozura do Señor,

visitando o seu templo.

Eu espero gozar dos bens do Señor
na terra da vida.

Espera no Señor;

ten corazón forte e valente

e espera no Señor.

SEGUNDA 1 Cor 1, 10-13. 17

Que vos poñades todos de acordo e que non haxa divisións entre vós

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS CORINTIOS

Irmáns, polo nome do noso Señor Xesús Cristo: rógovos que vos poñades todos de acordo e que non haxa divisións entre vós; ao contrario, axeitádevos todos nun mesmo espírito e nun mesmo pensamento.

Pois, irmáns, polos de Cloe cheguei a saber que hai discordias entre vós. Refírome a que cada un de vós anda a dicir: "eu son de Paulo, eu de Apolo, eu de Cefas, eu de Cristo". Pero é que Cristo está dividido? É que foi Paulo a quen crucificaron por vós? Ou é Paulo o nome no que vos bautizaron?

Porque non me mandou Cristo a bautizar, senón a predicar o Evanxeo; e isto sen habilidades retóricas, para que non quede desvirtuada a eficacia da cruz de Cristo.

ALELUIA Cf. Mt 4, 23:

Xesús predicaba Evanxeo do Reino e curaba todas as enfermidades do pobo

DOMINGO 3 ORDINARIO CICLO A

EVANXEO Mt 4, 12-23 (longo)

Veuse a Cafarnaúm para que se cumprira o que dixera Isaías

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela, cando soubo Xesús que encadearan a Xoán, retirouse a Galilea. Deixando Nazaret, foise establecer en Cafarnaúm, na beira do mar, en terras de Zebulón e Naftalí, para que se cumprise o dito polo profeta Isaías:

“Terra de Zebulón, terra de Naftalí, camiño do mar na outra ribeira do Xordán.

Galilea dos pagáns. O pobo que xacía na escuridade viu unha gran luz:

Para os que habitaban no escuro país da morte brillou unha alborada”.

E desde aquela empezou Xesús a predicar, dicindo:

-Arrepentídevos, que o Reino dos Ceos xa está aí.

Camiñando pola ribeira do mar de Galilea, viu a dous irmáns: Simón, tamén chamado Pedro, e Andrés; os dous, que eran pescadores, estaban largando o aparello no mar. Díxolles:

-Vide comigo, e fareivos pescadores de homes.

Eles deixaron de contado o aparello, e seguírono. Máis adiante atopou outros dous irmáns: Santiago e mais Xoán, fillos de Zebedeo, que estaban co seu pai na barca arranxando o aparello. Tamén os chamou, e eles coa mesma deixaron a barca e mais a seu pai e seguírono.

Xesús percorría a Galilea enteira ensinando nas sinagogas e anunciando a Boa Nova do Reino, curando canta doenza padecía o pobo.

DOMINGO 3 ORDINARIO CICLO A

EVANXEO Mt 4, 12-17 (breve)

Veuse a Cafarnaúm para que se cumprira o que dixerá Isaías

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Cando soubo Xesús que encadearan a Xoán, retirouse a Galilea. Deixando Nazaret, foise establecer en Cafarnaúm, na beira do mar, en terras de Zebulón e Naftalí, para que se cumprise o dito polo profeta Isaías:

“Terra de Zebulón, terra de Naftalí, camiño do mar na outra ribeira do Xordán.

Galilea dos pagáns. O pobo que xacía na escuridade viu unha gran luz:

Para os que habitaban no escuro país da morte brillou unha alborada”.

E desde aquela empezou Xesús a predicar, dicindo:

-Arrepentídevos, que o Reino dos Ceos xa está aí.